



## **PAGO ALMORZOS XUÑO 2019 E RECOLLIDA FIANZAS** **ALMORZOS CURSO 2018/2019**

Ola, familias!

Os próximos días mércores 26 e xoves 27 de xuño abriremos de 16:00 a 18:00 horas a nosa oficina do ANPA para cobrar os almozos do mes de xuño e devolver as fianzas do curso 2018/2019.

Podedes enviar un e-mail a [anpaasolaina@yahoo.es](mailto:anpaasolaina@yahoo.es) para consultar o importe que tedes pendente de almozos de Xuño e anteriores.

Coma neste curso 2018/2019, para poder utilizar o **servizo de almozos** durante o curso **2019/2020 terán que cumprir os seguintes requisitos:**

- **Será imprescindible** ser **socio** da **ANPA**, xa que o seguro subscrito só acolle a nenos que son socios.

- Abonar unha fianza de **30 € por usuario** e, no caso de **dous ou máis usuarios, de 50 € por unidade familiar** (que se devolverá a finais do mes de xuño de 2020).

- Cos usuarios que paguen a fianza faremos un listado que se entregará no Comedor e **soamente os usuarios de ese listado estarán autorizados a utilizar o servizo de almozos**. Ademais entregaremosvos os carnés de usuario de almozos.

Os usuarios deste ano que queiran deixar a fianza para o curso 2019/2020 poden facelo pasando primeiro pola oficina para facerse socio e recoller o carné de almozos.

Os que non poidades vir neste mes de xuño **abriremos o 9 e 10 de setembro (de 16 a 18h)** para recoller as fianzas ou apuntarvos nos almozos. Mandaremos circular por TokApp ou publicarase na páxina web do Colexio.

O prazo límite para recoller as fianzas será eses dous días que abriremos no mes de setembro, porque temos que pechar as contas do curso académico 18/19.

Seguimos sen cobrar **a subvención do Concello** para os almozos, polo que aínda non vos podemos devolver a parte dos almozos correspondente. **Se o Concello abona antes de rematar este curso**, devolverase os días 26 e 27 de xuño, senón, nos días 9 e 10 de setembro.